



CIRCULAR 30-2019. **XXX CAMPIONATO DE GALICIA MÁSTER DE PISTA CUBERTA**

- A todas as Delegacións da F.G.A.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o XXX Campionato de Galicia Máster de pista cuberta que terá lugar na pista cuberta de Ourense o vindeiro domingo día 3 de marzo do 2019.

Art.2).- Poderán participar todos/as aqueles/as atletas da categoría que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo a tempada actual (2018/19) por algún club pertencente á Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertenzan a Clubs doutras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados/as expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 26 de febreiro do 2019.** Lémbrese a obrigatoriedade de especificar data e lugar da marca nas inscricións.

Art. 4).- En probas de concursos será necesario acreditar unha marca, da tempada en vigor ou da anterior. Agás casos excepcionais autorizados polo Comité Técnico non se admitirá ningún atleta sen marca acreditada nos concursos.

Art.5).- Entregaranse medallas ós/ás tres primeiros/as atletas de cada categoría sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, agás casos debidamente xustificados, non se entregará a medalla.

Art.6).- Naquelas probas nas que non se disputen finais por categorías, consideraranse merecedoras das medallas, en cada categoría, as tres mellores marcas conseguidas nas series. Nos concursos serán proclamados gañador/a, segundo/a e terceiro/a, os/as atletas que consigan as tres mellores marcas de cada unha das categorías.

Art.7).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, agás nos saltos que poden levar por diante ou por detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.8).- Nos concursos pasarán á mellora as 8 mellores marcas obtidas, independentemente da categoría.

Art.9).- Durante o transcurso do Campionato, un/a atleta pode ser excluído/a de participar nunha ou varias probas no caso de que se clasificara nas eliminatorias e non participase na rolda seguinte ou ben que confirmara a inscrición e non participe. Agás casos autorizados directamente polo comité técnico.



Art.10).- Limitacións de probas: Só poderán inscribirse nun máximo de tres probas, sendo soamente unha delas superior a 1000 metros. Só se programarán máis probas en caso de haber tres o máis atletas inscritos.

Art.11).- Nas probas de velocidade os/as atletas máster non están obrigados/as a empregar os tacos de saída, nin a facer unha saída agachada ou ter as dúas mans en contacto coa pista. En relación ás saídas nulas aplicarase a normativa IAAF.

Art.12).- Na cámara de chamadas será obrigada a presentación na mesma, debidamente acreditados mediante licenza, D.N.I, ou calquera outro documento con foto, incluídos os que figuran en plataformas informáticas, dentro dos prazos estipulados, para poder participar.

SAÍDA A PISTA TRAS A PRESENTACIÓN EN CÁMARA DE CHAMADAS

Carreiras: 10min antes da hora oficial da proba

Carreiras valadas: 15min antes da hora oficial da proba

Concursos (agás pértega): 30min antes da hora oficial da proba

Pértega: 45min antes da hora oficial da proba

Entrada en Cámara de chamadas: ata cinco minutos antes da saída oficial a pista.

Os/as atletas terán a obriga de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír coa camiseta na man ou gardada. Poderá permitirse a entrada á pista de atletas posteriormente sempre e cando non iniciase a proba, sen que en ningún caso, supoña retraso do inicio da mesma.

Art. 13).- Horario provisional. O Horario definitivo publicarase co listado de inscritos. Unha vez recibidas as inscricións poderá modificarse o horario programándose unicamente aquelas probas nas que houbese un mínimo de 3 inscritos. O horario é orientativo en función de campionatos anteriores, podéndose incluír aquelas probas nas que haxa máis de tres solicitudes (deberán enviarse a direcciontecnica@atletismo.gal antes do 22 de febreiro).

HORARIO PROVISIONAL DO CAMPIONATO DE GALICIA MÁSTER						
XORNADA DE MAÑÁ						
800	Mulleres	FINAIS	11.00	Pértega	H-M	FINAL
				Lonxitude 35-40-45	Homes	FINAL
800	Homes	FINAIS	11.20			
60	Mulleres	FINAIS	11.55			
60	Homes	FINAIS	12.10			
400	Mulleres	FINAIS	12.40	Lonxitude 50 e sup	Homes	FINAL
				Lonxitude	Mulleres	FINAL
400	Homes	FINAIS	13.10			
60v	Homes	FINAIS	13.50			
60v	Mulleres	FINAIS	14:00			
XORNADA DE TARDE						
1.500	Mulleres	FINAIS	16.30	Peso 4-5-6 Kg	Homes	FINAL
				Altura	H-M	FINAL
1.500	Homes	FINAIS	16.45			
200	Mulleres	FINAIS	17.20			
200	Homes	FINAIS	17.40	Peso 7,260Kg	Homes	FINAL
3.000	Mulleres	FINAIS	18.25			
			18:30	Triplo	H-M	FINAL
3.000	Homes	FINAIS	18.50	Peso 4-3 Kg	Mulleres	FINAL



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.14).- Alturas dos listóns: Colocaranse á altura máis baixa das solicitadas polos atletas e permitida pola instalación e ca seguinte cadencia:

Altura: de 3 en 3 centímetros.
Pértega: de 10 en 10 centímetros.

Art.15).- Táboas de batida nas probas de lonxitude e triplio: Como máximo as táboas de batida colocaránse en 3 posicións:

- 1).- A distancia máis curta do foso solicitada polos atletas.
- 2).- A distancia máis distante do foso solicitada polos atletas
- 3).- Unha intermedia entre as solicitadas polo resto de atletas.

Art. 16).- A responsabilidade das inscricións dos/as atletas, agás os que sexan independentes, corresponderá ó seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a, non participa finalmente no Campionato, a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fatletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos).
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado: 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, podendo ser esta denegada.

Art.17) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, ás normas da FGA (ver normas técnicas FGA 2018-2019), RFEA e IAAF.

A Coruña, a 11 de febreiro de 2019



Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo